

ACTA DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO PARA A CREACIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA PARA A COBERTURA DAS EVENTUAIS VACANTES OU AUSENCIAS QUE SE POIDAN DAR NOS POSTOS DE TRABALLADOR/A SOCIAL MUNICIPAL E CORDINADOR/A DE DITO SERVIZO

O 10 de outubro do 2019 as 08:45 horas réunese na sala de xuntas da casa consistorial o tribunal cualificador.

Asisten, como presidenta, Dona Carmen Martínez Quintana, como vogais Dona Elisa Fernandez Rodriguez, Dona Isabel Sánchez Fernandez e dona Margarita Viña Santos e como secretaria dona Elisa Martínez Arias.

Primeiro.- Dáse conta o tribunal das alegacións presentadas contra o resultado da baremación da fase de concurso e o tribunal pasa a o seu exame e resolución.

Trataranse conxuntamente as alegacións de dona Melanie Quiroga Vide e dona Soraya Fernandez Garcia por tratarse do mesmo caso e da mesma alegación.

En ambos casos o tribunal non tiña valorado a experiencia como traballadoras sociais en varias empresas adxudicatarias do servizo de axuda a domicilio deste concello pois non constaban aportados polas aspirantes os novos contratos de traballo tralas distintas subrogacións acaecidas en tal servizo, senón que as aspirantes aportaban as cartas de subrogación.

A vista das alegacións presentadas por ambas aspirantes, o tribunal comprobou que, efectivamente, nos supostos de subrogación dos traballadores non se subscriben novos contratos coas novas empresas senón que isto se substitúe pola sinatura das cartas de subrogación que as aspirantes prestaran debidamente.

Polo exposto, e tendo en conta os períodos de prestación de servizos acreditados coas mencionadas cartas de subrogación das traballadoras debe modificarse o resultado da fase de concurso das dúas aspirantes indicadas do seguinte xeito:

| ASPIRNATE | PUNTUACIÓN OUTORGADA EN DATA 22/08/2019 | PUNTUACIÓN CORRIXIDA |
|-------------------------------|-----------------------------------------|----------------------|
| FERNANDEZ GARCIA SORAYA | 0'30 | 2'40 |
| QUIROGA VIDE MARIA MELANIE | 0'92 | 2'50 |

Non habendo máis asuntos que tratar, sendo as 08:55 a Sra. Presidenta levanta a sesión, da que como Secretaria dou fe.

O PRESIDENTE,

AS/OS VOGAIS,




